

Normativa sobre cesión de espazos e recursos do Ceesg

1. INTRODUCCIÓN

A sede do Ceesg é un espazo aberto e de encontro para a Educación Social, onde se desenvolven non só as tarefas do quefacer cotiá do Colexio, e as actuacións programadas pola Xunta de Goberno ou os Grupos de Traballo, senón que tamén alberga as actividades de persoas colexiadas e non colexiadas que precisen deste espazo e dos recursos dos que dispoñemos.

Todo o que dispón o Ceesg é para un mellor desenvolvemento e xestión da profesión da Educación Social, polo que podemos facer uso dos seus espazos e recursos.

2. OBXECTO DA NORMATIVA

Para que este servizo se ofrezca coas mellores garantías de calidade é preciso unhas normas de uso e funcionamento que aquí presentamos.

O Ceesg pode ceder os seus espazos e recursos con carácter puntual ou prolongado, a persoas colexiadas e entidades públicas ou privadas, para a celebración de actividades ou eventos de interese público-comunitario, así como para o desenvolvemento de actividades ou accións dos Grupos de Traballo, sempre que non afecten ao normal funcionamento das actividades propias do Ceesg.

A utilización das instalacións e recursos do Ceesg, obxecto desta normativa, requirirán autorización previa mediante petición escrita pola persoa responsable na que constarán: os datos de contacto, indicando se a persoa é colexiada e o número de colexiación; as datas e horario de reserva; o obxecto da solicitude e a descrición da actividade que se desenvolverá ou impartirá; o número de persoas que está previsto que participen; a gratuidade da actividade, ou, pola contra, os prezos que se terán que aboar; e os recursos que se precisan.

3. DEFINIÇÃO

1. As solicitudes para a utilización de espazos deberán realizarse telematicamente na web no Ceesg ou en papel segundo o “Formulario de solicitude”.
2. A solicitude realizarase con polo menos 15 días hábiles de antelación ao día en que se pretenda utilizar o espazo.
3. Despois de ser valorado pola persoa responsable da Xunta de Goberno, o Ceesg responderá á solicitude nun prazo máximo de 4 días hábiles, indicando a súa aceptación ou denegación do uso de espazos e recursos.
4. O Ceesg resérvase o dereito de modificar a data da solicitude cando, por circunstancias excepcionais e imprevistas, necesitara utilizar o espazo ou recurso reservado para realizar actos propios. Isto deberá ser notificado con antelación de, polo menos, 5 días hábiles á data para a que se ten realizada a reserva.
5. A cesión de espazos e recursos ten os seguintes custes:
 - a. Persoas colexiadas:
 - i. Cesión libre para actividades gratuítas desenvolvidas no horario de funcionamento do Ceesg¹.
 - ii. 1 €/hora para actividades gratuítas desenvolvidas fóra do horario de funcionamento do Ceesg.
 - iii. 5 €/hora para actividades non gratuítas.
 - b. Persoas non colexiadas ou entidades:
 - i. 5 €/hora para actividades gratuítas.
 - ii. 20 €/hora para actividades non gratuítas.
6. A persoa ou entidade solicitante comprométese a cingirse aos horarios de funcionamento do Ceesg (apertura, peche, etc.). De darse a actividade noutros horarios a persoa ou entidade solicitante terá que asumir os gastos derivados, que poden ser:
 - a. O pago das horas extras do persoal contratado do Ceesg.
 - b. O pago dos gastos de desprazamento dalgunha persoa da Xunta de Goberno.
7. Os gastos derivados da actividade programada correrán a cargo da persoa solicitante, así como os producidos polos danos que puidesen ocasionarse durante o uso do espazo cedido.
8. A persoa ou entidade solicitante será a única responsable daqueles incidentes que como consecuencia do desenvolvemento da actividade puidesen producirse.

¹ O horario de funcionamento do Ceesg é o seguinte: do 1 de outubro ao 31 de maio é de 09:00h a 14:00h e de 17:00h a 19:00h, de luns a xoves, e os venres de 09:00h a 14:00h; do 1 de xuño ao 30 de setembro é de 09:00h a 14:00h.

4. PROCEDEMENTO

Enviárase a correspondente solicitude ao Ceesg vía telemática ou en soporte papel. Recibida a solicitude, o Colexio consultará a dispoñibilidade dos espazos e recursos a ceder. A continuación, seralles comunicada ás persoas solicitantes nun prazo máximo de 4 días hábiles.

Requirirase da persoa ou entidade solicitante a aceptación asinada das condicións da cesión, segundo o anexo I. A devandita confirmación realizarase mediante o aboamento da cantidade estipulada, nun prazo de 4 días hábiles, por transferencia bancaria á seguinte conta do Banco Sabadell:

0081-0499-61-0001046708

No caso de que non se realizase a actividade programada, devolverase o importe íntegro da cesión do espazo.

5. NORMAS ADICIONAIS

- Non se permitirá a ocupación do espazo por parte dunha persoa ou entidade diferente á que consta no “formulario de solicitude”, así como tampouco se permitirá a realización dunha actividade diferente á descrita na reserva.
- En caso de cesión gratuíta do espazo, deberá constar o logo do Ceesg como entidade colaboradora na difusión da actividade.

7. FINAL

Tódalas persoas que queiran facer uso dos espazos e recursos do Ceesg aceptan e cumpren estas normas.

Santiago de Compostela, xullo de 2011

ANEXO

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN S DE CESIÓN DE ESPAZOS E RECURSOS DO CEESG

Nome e apelidos	
DNI	
Nº de colexiada/o	
Teléfono de contacto	
Correo-e	
En representación da entidade (en caso de solicitude como entidade)	

ACEPTO

as condicións sinaladas no regulamento para a cesión de espazos e recursos do Ceesg.

Para que así conste

Asdo.

En _____, a _____, de _____, de 20

Cláusula de protección de datos:

Os datos facilitados pasarán a formar parte dun ficheiro declarado ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), que ten como finalidade a xestión dos servizos ofrecidos ás persoas colexiadas.

Ao asinar, vostede consinte o tratamento destes datos coa finalidade mencionada.

Estes datos son veraces e exactos debendo comunicar calquera modificación dos mesmos á entidade Responsable do Ficheiro.

Pode exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación e cancelación mediante carta e axuntando a fotocopia do DNI na seguinte dirección:

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, Rúa Lisboa, 20 – baixo C 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña).